

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SOCIEDADE ANÓNIMA DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO E A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN (ACTUAL CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN) DA XUNTA DE GALICIA PARA A PROMOCIÓN DO CAMIÑO DE SANTIAGO DESDE AS ENTIDADES GALEGAS NO EXTERIOR POLA QUE SE PRORROGA A SÚA VIXENCIA

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

REUNIDOS

Por unha parte, a Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, NIF A15348386, empresa integrada por capital público con domicilio social na estrada Santiago-Noia, km 3 (A Barcia) en Santiago de Compostela, representada neste acto por José Manuel Merelles Remy vicepresidente do seu Consello de Administración ao ser a persoa titular da dirección da Axencia Turismo de Galicia en virtude do establecido no artigo 17.2 estatutos da sociedade, publicados por Resolución do 10 de xuño de 2019, da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda.

Por outra, José González Vázquez, conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, en virtude do nomeamento efectuado polo decreto 44/2024, do 14 de abril, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación para a sinatura deste convenio de colaboración e para estes efectos

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o 9 de febreiro de 2022 se asinou un convenio de colaboración entre a Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo e a Secretaría Xeral da Emigración para a promoción do Camiño de Santiago desde as entidades galegas no exterior.

Segundo.- Que é competencia da actual Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, creada por Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, as relacións e o apoio as persoas e ás comunidades galegas do exterior así como o fomento e a promoción da súa actividade e funcionamento e tal e como se recolle no artigo 1.c) do Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.



Terceiro.- Que a cláusula oitava do convenio sinala que terá unha vixencia de catro anos desde a data da sinatura e que as partes poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais.

Cuarto.- Que é vontade das partes prorrogar o convenio, cuxa vixencia finaliza o 9 de febreiro de 2026, tal e como está previsto na súa cláusula oitava.

En consecuencia as partes acordan esta addenda de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- As partes asinantes acordan prorrogar o convenio de colaboración por un período de catro anos, desde o 10 de febreiro de 2026 ao 9 de febreiro de 2030.

Segunda.- O convenio permanecerá en vigor nos mesmos termos que nel se establecen.

Terceira.- A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e o resto de especificacións contidas nel, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG núm. 149 do 3 de agosto).

E para que así conste, en proba de conformidade con canto antecede, as partes intervinientes asinan o presente convenio.

O representante da Sociedade de Xestión do
Xacobeo

Vicepresidente do Consello de administración

José Manuel Merelles Remy

O Conselleiro de Emprego, Comercio e
Emigración

José González Vázquez

